



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

**meteogalicia**

*Informe climatolóxico inverno 2014-2015*

---

# **INFORME CLIMATOLÓXICO INVERNO 2014-2015**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN EN INVERNO 2014-2015 EN GALICIA.....</b>	<b>4</b>
<b>2.1.</b>	<b>Temperatura .....</b>	<b>4</b>
<b>2.2.</b>	<b>Precipitación .....</b>	<b>9</b>
<b>3</b>	<b>EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE INVERNO. ....</b>	<b>13</b>
<b>3.1.</b>	<b>Temperatura .....</b>	<b>13</b>
<b>3.2.</b>	<b>Precipitación .....</b>	<b>16</b>

**Data edición: 23/3/2015**



## Inverno seco e lixeiramente frío.

### 1 INTRODUCCIÓN

A continuación preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de inverno (dende decembro de 2014 a febreiro de 2015). Así analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1971-2000.

Os criterios para definir as categorías climáticas correspondentes á precipitación e á temperatura móstranse na táboa 1.

Categoría PP	Porcentaxe de precipitación total rexistrada respecto da media climática	Categoría temperatura	Diferenza entre a temperatura media e a media climática.
Moi seco	<30%	Moi cálido	$\geq 3^{\circ}\text{C}$
Seco	Entre 30% e 90%	Cálido	Entre $+3^{\circ}\text{C}$ e $+0.5^{\circ}\text{C}$
Normal	Entre 90% e 110%	Normal	Entre $0.5^{\circ}\text{C}$ e $-0.5^{\circ}\text{C}$
Húmido	Entre 110% e 190%	Frío	Entre $-0.5^{\circ}\text{C}$ e $-3^{\circ}\text{C}$
Moi Húmido	>190%	Moi Frío	$\leq -3^{\circ}\text{C}$

Táboa 1: Categorías para precipitación e temperatura.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste inverno e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1971-2000. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no inverno respecto do valor da media climática correspondente.



## **2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN EN INVERNO 2014-2015 EN GALICIA.**

### **2.1. Temperatura**

O inverno comezou en decembro lixeiramente frío, con rexistros de temperatura media moi próximos aos valores normais. As entradas de aire procedentes do norte, tanto húmidas a mediados do mes como máis secas ao final, fixeron que se deran temperaturas baixas, que case compensaron aquelas xornadas do mes con temperaturas máis elevadas.

A normalidade tamén foi a tónica xeral nos rexistros de temperatura para o mes de xaneiro de 2015, no que os períodos anticiclónicos fóronse compensando cos de borrasca e chuvia. No período anticiclónico de principio de mes destacou a amplitude térmica, con mínimas moi baixas e máximas altas para a época do ano, dando lugar a valores medios entorno aos normais.

O frío chegou no mes de febreiro, con numerosos días de neve nas montañas e temperaturas máximas nalgúns puntos que non chegaban aos 0°C. Cabe destacar neste mes os valores baixos das temperaturas máximas. Esta situación debeuse a que nas xornadas de principios e finais de mes, entraron masas de aire frío con precipitacións e ventos de norte; o que propiciou que as temperaturas mínimas non fosen moi baixas, pero si que non se acadasen temperaturas máximas propias da época do ano. Así, o frío foi máis notorio durante as horas diúrnas.

Nas táboas 2 e 3 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de inverno 2014-2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Por debaixo dos 1000 m destaca o día 9 de xaneiro, no que se acadaron temperaturas próximas aos 20°C. Por riba desta altitude as xornadas do 3 e 4 de xaneiro, resultaron as máis calorosas.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no inverno 2014-2015 por debaixo dos 1000 m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
04/01/2015	Entrimo	Entrimo	Ourense	19.8
09/01/2015	Lourenzá	Lourenzá	Lugo	19.6
09/01/2015	Borreiros	Viveiro	Lugo	19.3
11/01/2015	Vigo	Vigo	Pontevedra	18.7
09/01/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	18.6
24/01/2015	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	18.6
01/01/2015	Baltar	Baltar	Ourense	18.4
09/02/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	18.3
27/02/2015	Remuíño	Arnoia	Ourense	18.2
04/01/2015	Monte Medo	Baños de Molgas	Ourense	18.1

**Táboa 2:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no inverno de 2014-2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no inverno 2014-2015 por riba dos 1000 m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
03/01/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	16.9
04/01/2015	Xurés	Muíños	Ourense	16.8
03/01/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	16.4
09/01/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	16.1
03/01/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	15.8
03/01/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	15.4
03/01/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	14.5
09/01/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	14.5
09/01/2015	Xares	A Veiga	Ourense	14.5
18/12/2014	Ancares	Cervantes	Lugo	14.2

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no inverno de 2014-2015 a altitude maior de 1000 m.

Nas táboas 4 e 5 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade no inverno de 2014-2015 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude respectivamente. Nas zonas altas as temperaturas máis baixas



rexistráronse nas primeiras xornadas de febreiro. Porén, nas zonas baixas estas déronse nas xornadas do 29 e 30 de decembro de 2014..

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no inverno 2014-2015 por riba dos 1000 m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
08/02/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-9.3
04/02/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-8.7
05/02/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-7.8
29/12/2014	Corzos	A Veiga	Ourense	-7.8
29/12/2014	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-6.8
08/02/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-6.8
07/01/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-6.7
08/02/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	-6.5
08/02/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-6.5
04/02/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-5.7


**Táboa 4:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no inverno de 2014-2015 a altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no inverno 2014-2015 por debaixo dos 1000 m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
29/12/2014	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-9.3
30/12/2014	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-9.2
29/12/2014	Baltar	Baltar	Ourense	-8.3
30/12/2014	Morelle	Sarria	Lugo	-7.6
30/12/2014	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	-7.2
30/12/2014	Bóveda	Bóveda	Lugo	-7.1
30/12/2014	Lanzós	Vilalba	Lugo	-7.1
30/12/2014	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	-6.5
29/12/2014	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-6.2
29/12/2014	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-6.1

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no inverno de 2014-2015 a altitude inferior a 1000m.



Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para a inverno de 2014-2015. Nas zonas da alta montaña ourensá como Cabeza de Manzaneda ou Pena Trevinca acadáronse os valores máis baixos de temperatura. Algunhas zonas do litoral como a península do Morrazo ou A Coruña e Arteixo rexistraron os valores de temperatura media máis elevados, aproximándose aos 11 °C.




**Figura 1:** Temperatura media no inverno 2014-2015





Na figura 2 pode verse o mapa das desviacións da temperatura respecto do valor medio 1971-2000 para esta inverno. En xeral tratouse dun inverno lixeiramente frío cunha anomalía de  $-0.6\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Os valores máis baixos acadáronse na Serra do Suído e nas comarcas de Terra de Celanova e Baixa Limia. Os valores máis altos destas desviacións non chegaron ó grao de temperatura, estando moi preto da normalidade como se pode ver no mapa.



**Figura 2:** Mapa de anomalías de temperatura no inverno 2014-2015





## **2.2. Precipitación**

No mes de decembro o predominio foron os días secos en toda a Comunidade. Isto reflectiuse tanto na precipitación acumulada como no número de días de chuvia, que estiveron moi debaixo dos valores normais para estas variables. Así, só houbo dous días con precipitacións xeneralizadas e ventos do suroeste. Os demais episodios, con escasa precipitación, foron provocados ben polas fronteas que chegaban do norte ou ben pola presenza de aire frío en altura.

Despois dun decembro seco, chegou un xaneiro que en termos xerais pode caracterizarse como normal. Aínda así destacan dúas xornadas de precipitación elevada, as do 15 e o 30 do mes. Destaca a do 30 pola súas características, xa que as chuvias non estiveron asociadas a ventos de suroeste senón de noroeste. Isto deu lugar a que as maiores cantidades de precipitación concentráronse nas zonas elevadas que separan as provincias de Lugo e A Coruña e na zona leste de Ourense, polo que estas zonas resultaron húmidas para o mes de xaneiro.

O inverno rematou cun febreiro no que a precipitación estivo entre a normalidade e a escaseza en xeral, sen embargo, a meirande parte das chuvias estiveron asociadas a ventos do norte e masas de aire frío. Os valores de precipitación máis altos rexistráronse principalmente no norte das provincias de Lugo e A Coruña, para as que o mes chegou a ser húmido. Así, houbo en xeral normalidade para a precipitación, pero neste mes cabe destacar a abundante cantidade de neve durante un número elevado de xornadas do mes, principalmente na alta montaña.

Na táboa 6 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados neste inverno de 2014-2015.



Precipitación máxima estacional no inverno 2014-2015			
Estación	Municipio	Provincia	Precipitación (L/m2)
Labrada	Abadín	Lugo	755
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	734
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	732
Coto Muiño	Zas	A Coruña	728
Aldea Nova	Narón	A Coruña	709
Fragavella	Abadín	Lugo	684
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	669
Pereira	Forcarei	Pontevedra	659
Guitiriz	Guitiriz	Lugo	651
Cariño	Cariño	A Coruña	648

**Táboa 6:** Valores máximos de precipitación acumulada no inverno de 2014-2015.


Na táboa 7 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados:

Precipitación mínima estacional no inverno 2014-2015			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m2)
Verín-Vilela	Verín	Ourense	147
Ourense	Ourense	Ourense	167
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	170
Casaio	Carballada de Valdeorras	Ourense	174
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	176
A Trabe	Vilardevos	Ourense	176
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	176
Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	177
Gandarela	Celanova	Ourense	177
Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	180

**Táboa 7:** Valores mínimos de precipitación acumulada no inverno de 2014-2015




Na figura 3, móstrase a precipitación total acumulada neste inverno de 2014-2015. Os valores máis altos de precipitación rexistráronse na Serra do Xistral. Concretamente, no concello de Abadín., rexistráronse máis de 700 L/m<sup>2</sup>. Tamén se registrou bastante chuvia nas comarcas de Terra de Soneira, Xallas e Fisterra. O valores máis baixos acadáronse na provincia de Ourense.



**Figura 3:** Mapa de precipitación acumulada no inverno de 2014-2015.



Na figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1971-2000), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. Destaca a provincia de Lugo, principalmente en Nogueira de Muñiz e na Mariña, con porcentaxes de precipitación que superan o 110%, podéndose considerar estas zonas húmidas. Porén, con excepción dalgunhas localidades da Coruña, o resto da Comunidade presenta porcentaxes inferiores aos valores normais. En media a porcentaxe de precipitación con respecto ó período 1971-2000 estivo un 27% por debaixo do valor normal, polo que o inverno considérase seco.



**Figura 4:** Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no inverno de 2014-2015.





### 3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE INVERNO.

#### 3.1. Temperatura

A temperatura media de inverno para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía negativa de  $-0.3\text{ }^{\circ}\text{C}$  con respecto ó período climático de referencia 1961-1990 e de  $-0.5\text{ }^{\circ}\text{C}$  con respecto ó 1971-2000. Como resultado disto, tratouse dun inverno lixeiramente frío segundo os criterios da táboa 1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

Temperatura media inverno ( $^{\circ}\text{C}$ )		
2014-2015	1961-1990	1971-2000
7.9	8.2	8.4

**Táboa 8:** Comparación entre a temperatura media este inverno e as medias climáticas.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media no inverno de 2014-2015 para esta serie de referencia.

Temperatura media mensual ( $^{\circ}\text{C}$ )			
Mes	2014-2015	1961-1990	1971-2000
decembro	8.4	8.5	8.8
xaneiro	7.7	7.8	7.8
febreiro	7.5	8.7	8.8

**Táboa 9:** Comparación entre a temperatura media mensual do inverno 2014-2015 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Como se pode observar, os valores dos meses de decembro e xaneiro estiveron dentro da normalidade con respecto os dous períodos de referencia, mentres que febreiro resultou frío con respecto ós mesmos.

Na táboa 10 pódense observar que a temperatura media das máximas deste inverno foi  $0.5^{\circ}\text{C}$  inferior ao período 1961-1990 e  $0.7^{\circ}\text{C}$  inferior ao período 1971-2000, polo cabe considerar en xeral as temperaturas diúrnas como frías.



Temperatura media das máximas en inverno (°C)		
2014-2015	1961-1990	1971-2000
11.8	12.3	12.5

**Táboa 10:** Comparación entre a temperatura máxima media en inverno e a media climática galega.

Mensualmente, os meses de decembro e xaneiro resultaron normais con respecto aos dous períodos de referencia, se ben decembro case é frío con respecto ó período 1971-2000, tendo en conta a táboa 1. Febreiro foi frío con respecto aos dous períodos de referencia.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2014-2015	1961-1990	1971-2000
decembro	12.1	12.3	12.6
xaneiro	12.0	11.9	11.9
febreiro	11.2	13.0	13.3

**Táboa 11:** Comparación entre a temperatura máxima media mensual do inverno de 2014-2015 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto as temperaturas mínimas, o inverno pódese considerar normal, cunha anomalía negativa de  $-0.3$  °C con respecto os dous períodos de referencia.

Temperatura media das mínimas en inverno (°C)		
2014-2015	1961-1990	1971-2000
4.0	4.3	4.3

**Táboa 12:** Comparación entre a temperatura mínima media en inverno e a media climática galega.

A escala mensual, tanto os meses de decembro como xaneiro resultaron normais, con anomalías que non superaron os  $0.3$  °C, nos dous períodos de referencia. Febreiro pola contra resultou frío nos dous casos.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2014-2015	1961-1990	1971-2000
decembro	4.8	4.6	5.0
xaneiro	3.5	3.8	3.7
febreiro	3.8	4.5	4.4

**Táboa 13:** Comparación entre a temperatura mínima media mensual do inverno de 2014-2015 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.





Na figura 5 móstrase a evolución da temperatura media dos invernos dende o ano 1961 ao 2014-2015.




Figura 5: Evolución da temperatura media en inverno para a serie rexional galega.

A anomalía media para inverno en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de  $-0.5\text{ }^{\circ}\text{C}$ , o que fai que poida considerarse lixeiramente frío.




Figura 6: Anomalías da temperatura media para a serie rexional galega. O período de referencia é o 71-00.



### 3.2. Precipitación

Na táboa 14 móstranse os valores medios de precipitación acumulada no inverno de 2014-2015 ademais dos valores climáticos dos períodos 1961-1990 e 1971-2000. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

Precipitación acumulada estacional (mm)		
2014-2015	1961-1990	1971-2000
349	541	496

**Táboa 14:** Comparación entre a precipitación acumulada no inverno 2014-2015 e os valores climáticos.


A porcentaxe de precipitación neste inverno foi dun 35% inferior, respecto ó período de referencia 1961-1990 e un 30% inferior con respecto ó 1971-2000. Segundo os criterios da táboa 1 o inverno considérase seco.

A precipitación rexistrada mostra en xeral un mes de decembro seco con respecto aos dous períodos de referencia. Porén, xaneiro resultou normal con respecto aos mesmos períodos e febreiro volveu resultar seco tamén, con respecto aos dous períodos.

Precipitación acumulada por mes(°C)			
Mes	2014-2015	1961-1990	1971-2000
decembro	63	184	195
xaneiro	164	180	165
febreiro	122	174	148


**Táboa 15:** Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de inverno e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

Na figura 7, pode verse a evolución da precipitación nos invernos do período 1961 a 2014-2015. Así mesmo, na figura 8, móstranse as anomalías de precipitación en inverno, xunto coa media móbil de 5 anos.



**Figura 7:** Precipitación acumulada en inverno para a serie rexional galega.

A anomalía media das precipitacións para este inverno en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, estivo por un 26 % por debaixo do valor normal de precipitación para o período de referencia 1971-2000, polo que o mes pódese considerar seco.



**Figura 8:** Anomalías de precipitación en inverno para a serie rexional galega. O período de referencia é 1971-2000.